

## COMISIÓN DE PERSOAL EXTRAORDINARIA

Santiago de Compostela, 3/08/2022

Hoxe tivo lugar, de xeito telemático, unha Comisión de Persoal Extraordinaria, despois da xuntanza previa, celebrada onte, co obxecto de proceder á votación da proposta de **“Acordo entre a Presidencia da Xunta de Galicia e as OOSS...sobre as condicións especiais de traballo dos inspectores de Turismo da Axencia de Turismo de Galicia”** e a modificación da RPT da ATURGA (Axencia de Turismo de Galicia). Trátase dos puntos 4 e 5 da Orde do día da Comisión de Persoal, celebrada o pasado venres 29 de xullo, é que a **DXFP retirou para dar tempo a revisión dos cambios recollidos na nova documentación achegada**. A modo de resumo a información trasladada é a seguinte:

### Acordo sobre as condicións especiais de traballo dos inspectores de Turismo da Axencia Turismo de Galicia (ATURGA)

Tendo en conta a configuración da escala de inspección turística, as necesidades e a especial dispoñibilidade descrita, cómpre modificar o complemento específico de todo o persoal Inspector de Turismo da Axencia Turismo de Galicia. De tal xeito, que se establecese un complemento adicional ao complemento específico co obxecto de retribuír a prestación efectiva dos servizos deste persoal tendo en conta a súa dispoñibilidade horaria (Orde do 6 de abril de 2000).

**UGT leva anos solicitando para a inspección turística o incremento de nivel retributivo do actual 22 ao 25**, conforme á responsabilidade, funcións semellantes a outros corpos de inspección da Xunta, e polas especiais condicións do seu traballo. Asimesmo, **dende esta OOSS reclámase que este colectivo teña posibilidades de promoción e concurso**, xa que na RPT actual négase o acceso á totalidade das xefaturas de sección, agás a cinco delas (unha en cada provincia e unha en Santiago). Despois de todo o que, sen ser o que cremos era máis axeitado, **valoramos positivamente o incremento do complemento específico deste colectivo**, recollido nun acordo de condicións especiais de traballo dos inspectores de Turismo da Axencia Turismo de Galicia, e congratulámonos de que **se recolla a nosa petición reiterada de posibilitar a mobilidade deste persoal** na vindeira modificación que se produza na RPT da axencia, na disposición final única do citado documento. Dando ademais unha maior concreción a esta proposta, despois da nosa petición expresa no día de onte, **co establecendo dun prazo máximo dun ano para iniciar a demandada negociación**.

Despois de todo o que, **UGT votou a favor da sinatura do citado acordo, vinculante e de publicación no DOG**, na que as outras tres OOSS (CCOO, CIG e CSIF) tamén votaron a favor.

## Modificación RPT da Axencia de Turismo de Galicia (ATURGA)

- **Creación de 2 postos:** [2 postos de xefatura de sección na Secretaría de Coordinación Económica e Administrativa (A1-A2-C1, nivel 25), co sistema de provisión por concurso de méritos].
- **Modificación da xornada de traballo dos postos das oficinas de turismo** (DOG nº 138 do 23 de xullo de 2015). Un total de 12 postos recollerán na RPT a observación "Xornada partida/horario especial", que permitirá que o persoal que os ocupe teña a **posibilidade de acceder de maneira voluntaria** á realización do mesmo, con vixencia dun ano, e polo que percibirá no seu complemento específico unha retribución de 150 euros brutos/mes.
- **Incremento do complemento específico dos postos da escala específica de inspección turística.** Tendo en conta as necesidades e a especial dispoñibilidade deste persoal, na salvagarda da calidade da oferta turística, **cómpre incrementar a contía do seu complemento específico en 368,54 euros brutos/mes.** Este importe é o mesmo que o que percibirían no caso de acadar a suba de nivel do 22 ao 25.
- **Amortización de 7 postos** [vacantes puras]: 6 postos de persoal laboral e 1 posto de persoal funcionario (posto base, subgrupo C2, nivel 12).

**UGT valora negativamente a amortización de postos** como xustificación para a creación doutros, aínda que sexan postos vacantes e sen ocupar. Aínda que, despois da proposta orixinal na que se amortizaban postos de a inspección turística, **cremos que resulta menos lesivo**, en caso de ser estritamente necesario, a amortización de postos vacantes e sen ocupar dende hai moito tempo, **non vinculando as posibilidades de poder incrementar a retribución das especiais funcións da inspección mediante a amortización de postos do mesmo colectivo.** Ademais, **valórase positivamente** o feito de cubrir parte das necesidades de crédito para afrontar a modificación da RPT, **mediante un remanente de crédito existente**, por importe de 88.857,97 euros, resultado de aprobacións anteriores do seu decreto de estrutura da Presidencia da Xunta.

**UGT valora positivamente** que a modificación da xornada nas oficinas de turismo, sexa de **elección voluntaria por parte do persoal**, e que veña acompañada **dun incremento no complemento específico** dos postos.

**Despois de todo o que, UGT votou a favor da modificación da RPT da ATURGA, mentres que CSIF votou a favor, CCOO abstívose e CIG votou en contra.**

No apartado de **rogos e preguntas**, o Director Xeral da Función Pública indicou o seguinte:

- Remitirán, antes do venres, a **documentación pendente de envío vinculada ao proceso de estabilización da lei 20/2021** (contestación ás alegacións presentadas polas OOSS, información das prazas a incluír por non resultar cubertas nos procesos en curso e buzón das prazas dos entes instrumentais).
- **Convocarán unha nova xuntanza coas OOSS**, venres 5 de agosto, **para falar sobre os procesos e os baremo de criterios do concurso e concurso-oposición da Lei 20/2021**, e determinación dos organismos que convocarán de maneira independente ou estarán incluídos na convocatoria xeral da DXFP.
- **Revisarán para darlle solución**, durante o mes de setembro, a **problemática existente polo menor retribución dos trienios de persoal funcionario fronte aos de persoal laboral**, a raíz da funcionarización realizada nos grupos IV e V.